


A black and white photograph of a man and a woman from the chest up. They are both looking slightly upwards and to their right. The woman, on the left, has dark hair pulled back and is wearing a dark, ribbed sweater over a light-colored collared shirt. A thin necklace with small beads hangs around her neck. The man, on the right, is wearing a dark suit jacket over a light-colored shirt and a patterned tie. Both of their faces are partially obscured by solid black rectangular redactions.

A QUE NON PODES  
DICIR  
COCACOLA?  
(II)

AveLina Pérez





Recoñeces, en calquera lugar que te  
reflicta  
a indolencia  
a moderación  
o sorriso correcto  
a opinión compartida

Xermolo afogado de calquera  
revolución imposible

Beizos que nunca traspasan  
nunca manchan  
dominan o cuspe con precisión  
milimétrica

Ningún perigo de contradicción  
dubida  
confrontación fonda

Delimitar  
Medir  
Corrixir  
Aclarar

E así vivir  
Vivir así

## ORIXE E EVOLUCIÓN


No 2011 estreaba *A que non podes dicir cocacola?* unha peza arredor da capacidade de adaptación á violencia imperante.

Agora, no 2020 , establezo un diálogo co traballo anterior co propósito da creación desta nova peza que atende á evolución social, así como ao meu propio cambio, vital e teatral – non pode ir separado - e que dá como resultado *A que non podes dicir cocacola? (II)*; outra vez unha confrontación coa violencia e a capacidade de evasión que desemboca –con maior ou menor consciencia– na indiferenza.



Neste caso a violencia toma a apariencia da desinfección, da hixiene, mais non falamos de lavar as mans por causa da COVID 19 ,senón desa asepsia mental e relacional, dese pensamento uniforme, dese paso pola vida coa corrección que de nós se espera... inda que esteamos a morrer.

Unha ollada –de novo– desde o absurdo, e un desexo implícito de turrar na vida con forza e de berrar algo máis que consignas aprendidas.





## A QUE NON PODES DICIR COCACOLA?

é unha loita inútil e  
precisa

un desexo de  
escribir grandes  
parágrafos nas  
paredes acabadas  
de pintar

unha repetición de  
incertezas batendo  
nos puntos finais

un querer e un poder


un frasco de  
perfume que non  
recende

un atentado contra a  
asepsia

Algo así é...  
Algo así...







O xogo pode aparentar absurdo ou meramente lúdico, mais é unha bomba. A de todo o que non dicimos de tanto que nos lavamos e que, con todo, deberíamos dicir. É unha invitación a non morrer sen dicir e sen facer aquilo que, por prudencia insá, prexuízo moral, medo ou comodidade, non dicimos nin facemos, concedéndonos, dese xeito, unha morte en vida.


Afonso Becerra  
Artezblai

Nesta peza, entendo que a reflexión xira ao redor do absurdo, do esforzo fútil, cunha mirada chea de cinismo (mais non exenta de empatía) que olla cara ao ser humano, impresionada pola súa miseria.

(...)

E todo isto, cunha prosa que podería ter firmado o mesmo Groucho Marx, quen de súpeto aparece na peza por medio do artefacto co que a creadora manifesta a súa enorme ironía.

Iván Fernández  
O Galiñeiro- Praza Pública



## AveLina Pérez

Formada en interpretación na escola Santart. Titulada en dirección de escena e dramaturxia pola ESAD de Galicia.

Comeza como co-directora da Compañía Teatro do Lume e crea, máis adiante, un novo proxecto escénico: AveLina Pérez, que abarca as producións propias, a escrita teatral e a impartición de obradoiros.


Directora, dramaturga e actriz das pezas:

*Deixa de tocala, Sam, Os cans non comprenden a Kandinsky* - premio Coiro de pita da Sala Ingrávida- , *Gañaremos o pan coa suor da túa fronte* , *Reconvertindo espazos* (co-creadora), *A que non podes dicir cocacola?* e *Vaguedás*.

Acada varios premios en dramaturxia, a destacar os premios Álvaro Cunqueiro coa peza *Ás oito da tarde, cando morren as nais* e o Abrente de Textos teatrais 2018, con *O día no que bicar a terra*.

Moi vinculada ao Teatro Social, durante anos dirixiu o grupo intercultural de teatro do Milladoiro, así como os obradoiros de mulleres de Porto do Son e de Mondariz, con varias postas en escena. Ten levado adiante varios obradoiros de Creación escénica e de Escrita teatral

Cunha concepción teatral moi ligada ao terreal, na busca de converter o cotiá en extracotiá e transitando por un humor acedo e duro, concibe a escena como un lugar de encontro, un lugar no que a dignidade exista áinda que estea camuflada, agochada , deformada, pero sempre presente.



## EQUIPO ARTÍSTICO

Dirección, dramaturxia e actriz: AveLina Pérez

Composición musical: Ramón Raíndo

Coa voz de Silvia Cerneira

Iluminación: Daniel Casquero

Asesoramento en iluminación: Teatro Ensalle

Invita a xogar: Mara

Deseño cartel: Nadina Gráfica

Video tráiler- Jesús Tejada

Fotografías de escena en branco e negro: Manuel Forcadela

Fotografías en cor cedidas polo Festival do Teatro Galego. Realizadas por Gf Studio

Colabora TEATRO ENSALLE



**CONTACTO**

AveLina Pérez

Teléfono 637 756 146

[avelinaperezteatro@gmail.com](mailto:avelinaperezteatro@gmail.com)

web

[www.avelinaperez.com](http://www.avelinaperez.com)